

NOTA INFORMATIVA SUBCOMISIÓN PARITARIA (Supcopa) DO CSIC 9/04/2025

MODIFICACIÓNS RPT

A administración entregan as modificacións da RPT para crear os postos para a entrada por quenda libre da OEP 2020 naqueles centros onde se necesitan plazas.

MOVILIDADES

Solicítanse traballos de superior categoría no CEBAS, pedindo 6 meses G4 a G3 aínda que poden ser 8 meses. Esa solicitude con máis tempo tense que facer a posteiori. Apróbase pola Subcopa.

Apróbase a mobilidade outros dos casos de postos E0 a sede central do CSIC en Madrid e a subdelegación do goberno en Jaén.

OEP

OEP 2019 xa está resolta con 81 incorporacións e feita a segunda volta de adxudicacións con aprobados sen praza por renuncias.

OEP 2020 pendente de adxudicación e xestionada por el CIEMAT. Hai 129 prazas para o CSIC pero non se coñece cantos van resultar adxudicatarios. Espérase que Función Pública resolva proximamente e se poida proceder a firma de contratos.

CIG solicita información sobre se o CSIC pediu a creación dunha lista de substitución por cada especialidade cos aprobados sen praza da OEP 2020, tal e como xa pedimos na anterior Subcopa e a administración confirma que van a solicitar ao Secretario de Estado de Función Pública a xeración desa lista.

As Organización Sindicais (OOSS) piden información sobre o proceso de cambio de réxime xurídico que pasan de laborais a funcionarios e que entran despois do 2021 e pode que non cobren a PCI. **CIG** entende que non pode haber minoración salarial neste proceso tal e como queda regulado, e como laborais fixos a PCI xa a cobran, pero en todo caso, a mesa vaino consultar porque é un novo posto na RPT de funcionarios. En todo caso non vai haber xeración de lista e escolla de postos porque se van crear nos centros onde xa existe a praza de laboral a funcionarizar.

CONCURSO DE TRASLADOS

A petición de destinos por parte das direccións dos centros chegou onte para o concurso de traslados na súa segunda convocatoria de 2025. En todo caso depende de FP a publicación deses postos para a súa cobertura, e xa nos informan que case seguro non publicarán todos os solicitados. A convocatoria sairá case seguro neste mes de abril. **CIG** indica que esa escolla por parte de Función Pública (FP) dos postos que se ofertan limita a posibilidade de que estes postos vacantes salan a promoción interna ou por quenda libre rapidamente.

ESTABILIZACIÓN

web_estado@cigadmon.gal

As notas do concurso definitivas xa están publicadas e en concurso-oposición está pendente a publicación que será inminente (11 de abril).

Agora falta a resolución definitiva de concurso e concurso-oposición (previsión de 15 días para envío e proposta de adxudicación que ten que ir a Subsecretario de Ciencia), despois se publica resolución de adxudicación, que firma o subsecretario de Ciencia e Innovación (non se dan prazos para esta resolución porque non depende do CSIC) e posteriormente farase a xeración de postos (en FP 120 prazos tardaron un mes en crealas e estamos falando de 2000, tampouco se dan prazos). As OOSS piden que se mande información do momento no que se mande o listado ao subsecretario de Ciencia para poder facer presión. A administración informa que non se vai a esperar polos recursos de alzada para facer a adxudicación definitiva, e so se paraliza no caso de que haxa unha resolución xudicial. **CIG** pregunta se xa hai renuncias e se este caso pasa ao seguinte aprobado da lista sen problemas e a Administración responde que si, que de feito xa houbo renuncias.

As OOSS piden información sobre os complementos de postos xa creados e se se manteñen ou non. A resposta é que non se non están na convocatoria. Tamén solicitan información sobre se é necesario presentar o certificado médico, é dicir, se se dispón da capacidade funcional. A administración indica que xa pediron información sobre isto dúas veces, pero no teñen resposta e que polo tanto piden ese certificado dentro da documentación para poder firmar o contrato. As OOSS indican que haberá xente que pida a excedencia do posto por incompatibilidade e preguntan se hai forma de poder firmar o contrato con certificado dixital en lugar de manuscrito.

CIG solicita información sobre o proceso de discapacitados e pregunta se teñen previsto resolver antes que o de quenda xeral. Xa nos informan que non se vai a resolver antes que a convocatoria de estabilización que xa ten publicada as notas definitivas polo que é posible que vaian quedar desertas nalgúns casos e non se van crear. En resumo, as de doutores xa teñen publicada a lista definitiva de admitidos excluídos (2 admitidos, 3 excluídos e fan a proba de presentación do concurso en abril). Os Títulados Superiores Fora de Convenio está en proceso de revisión de subsanacións (88 solicitudes, 50 admitidos de momento) e nas prazas M3, M2, M1 dentro de convenio (336 solicitudes, 189 admitidos) está xa publicada a lista de admitidos-excluídos en prazo para alegación. É posible que haxa moitos excluídos porque no se ha puido comprobar o certificado de discapacidade pero que resulten admitidos posteriormente.

ATRASOS

Queda por regularizar e pagar ao persoal contratado dos CNs debido ao encuadramento que se va a pagar en maio. As solicitudes dos atrasos de encuadramento de persoal contratado que cambiou de nómina ou que no estea en activo en el CSIC xa se está recibindo se están a procesar para pagar en maio.

A acción social do INIA del 2024 xa está pagada tamén.

Quedan pendentes algúns trienios dos Fora de Convenio, pero no se van facer de oficio, hai que facer una petición formal e revisar caso por caso. Se avalía en cada caso con canta retroactividade se van a pagar, dende o inicio da relación laboral pero a lei di que é un ano, ou

web_estado@cigadmon.gal

catro anos cara atrás. Hai dúbida xurídica se procede ou non e se avalía cada caso, porque non é sempre igual para cada persoa.

COMPLEMENTOS

A Administración mándanos o listado de complementos RCT coa proposta despois de falar cos centros para que presenten e elaboren mellor a documentación tralo rexeitamento na COPA. Vanse solicitar de novo eses complementos que no se aprobaron en COPA de RCT que teñan posibilidades de prosperar. No se propoñen complementos en posto vacante y tampouco os pedidos de Mando e Xefatura MJ denegados porque no haxa máis traballadores da mesma categoría na mesma unidade.

Algunhas OOSS indican que FP no ten un criterio claro cos RCT, de feito creouse un grupo de traballo, polo que pode ser que volten a desestimalos. A administración indica que van a enviar o novo expediente igualmente.

A administración vai falar cos servizos de prevención para que fagan un informe cos posibles postos que poidan ter un E3 e facer unha petición adicional. Ábrese debate sobre os complementos e tipos incluíndo ao persoal laboral indefinido.

CUESTIÓN RELATIVAS A CONTRATACIÓN LABORAL

CIG solicita información sobre a xubilación parcial e a aplicación do RD 11/2024, e informan que todas as peticións están paradas. Hai 8 solicitudes dende o CSIC que quedaron en suspenso. Informan que pediron unha previsión de efectivos que poidan acollerse e que cumpran os requisitos a partir de abril de 2025. No CSIC detectaron 140 postos, pero non se sabe se ese persoal vai solicitala ou non. Esa previsión vana mandar a Ministerio, aínda que non existan peticións expresas.

A administración informa que xa non hai que pedir os trienios en cada novo contrato pero que en todo casos os trienios en contratos indefinidos se financian coa partida do proxecto.

As OOSS preguntan sobre o caso de mergulladores recreativos contratados que limpan as xaulas na planta de cultivos de Mazarrón, con contratos indefinidos M2 o M3. A administración descoñece esta situación e di que vai solicitar resposta. **CIG** indica que non deben realizar eses traballos profesionais por traballadores non titulados coa titulación de técnico superior correspondente.

As OOSS piden información sobre a instrución de roupa de traballo. Tómake como referencia de mínimos a instrución que teñen en Defensa da que se falou na reunión intercentros e aí se vai a derivar o estudo.

ACCIÓN SOCIAL

A acción social do INIA 2024 está xa rematada e pagada. Está prevista a publicación da acción social dos CNs que se acordou en decembro. Informan que van facer un recordatorio as xerencias dos CNs para indicarlles que xa se pode publicar e abrir o prazo de solicitudes.

COMENTARIOS E PREGUNTAS

As OOSS solicitan información sobre o proceso do cese de persoal que non consegue posto no proceso de estabilización e se poden quedar no posto. SGARH informa que poden seguir co contrato indefinido que xa teñen (son procesos diferentes) se así o considera o organismo e ten financiación nese proxecto. Tamén piden a alta no réxime do mar del persoal laboral indefinido.